

TRABALLO DE FIN DE GRAO

Universidade de Vigo



**CARACTERIZACIÓN
VOLÁTIL DE ESPECIES
DE PLANTAS VISITADAS
POR *VESPA VELUTINA*
NA GALIZA**

*Departamento de Biología
Vexetal e Ciencias do Solo*

Yago Fernández Vázquez

Titora: M. Shantal Rodríguez Flores
e M. Carmen Seijo Coello

Setembro
2023



GRAO EN CIENCIAS AMBIENTAIS

Universidade de Vigo



***CARACTERIZACIÓN VOLÁTIL DE
ESPECIES DE PLANTAS
VISITADAS POR VESPA
VELUTINA NA GALIZA.***

Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo

TRABALLO DE FIN DE GRAO

Grao en Ciencias Ambientais

**Yago Fernández Vázquez
Setembro, 2023**

M. Shantal Rodríguez Flores con DNI: 34877698S, investigadora posdoutoral do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo da Universidade de Vigo e M Carmen Seijo Coello, con DNI: 36073379H, profesora do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo da Universidade de Vigo, como codirectores do Traballo Fin de Grao titulado: **“CARACTERIZACIÓN VOLÁTIL DE ESPECIES DE PLANTAS VISITADAS POR VESPA VELUTINA EN GALICIA”**, realizado por Yago Fernández Vázquez con DNI: 53196021B,

INFORMAN:

Que o Traballo Fin de Grao, realizouse baixo súa dirección na Facultade de Ciencias, e reúne os requisitos necesarios para ser cualificado polo tribunal que corresponda, autorizando a súa presentación.

En Ourense, a 5 de setembro de 2023

RODRIGUEZ
FLORES
MARIA
SHANTAL -
34877698S

Firmado digitalmente por
RODRIGUEZ FLORES
MARIA SHANTAL -
34877698S
Fecha: 2023.09.05
13:19:35 +02'00'

Dra. M. Shantal Rodríguez Flores

Firmado digitalmente
por SEIJO COELLO
MARIA CARMEN -
36073379H
Fecha: 2023.09.05
'13:17:30 +02'00'

Dra. M Carmen Seijo Coello

AGRADECEMENTOS:

Quero agradecer este traballo a moitísimas persoas que fixeron posíbel este traballo. Quero agradecer ao meu pai Daniel e a miña irmán Andrea, todo o apoio tanto moral e económico, para que estude e para que me siga formando. Aos meus amigos Kevin e Xián por prestarme toda axuda que estaba nas vosas mans e por animarme nos días complicados. Á miña persoa especial, Anna por estar aí para apoiarme e entenderme. Por toda a xente que me apoiou e creu en min.

Grazas.

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	- 2 -
1.1.	COMPOSTOS ORGÁNICOS VOLÁTILES (COVs) NAS PLANTAS....	- 3 -
1.2.	IMPACTO DAS ESPECIES INVASORAS NA BIODIVERSIDADE.	- 7 -
1.3.	INSECTOS SOCIAIS COMO INVASORES BIOLÓXICOS.	- 9 -
1.4.	AVESPA ASIÁTICA (<i>V. VELUTINA</i>) COMO ESPECIE EXÓTICA INVASORA (EEI).....	- 10 -
1.4.1.	DISTRIBUCIÓN E DISPERSIÓN DE <i>V. VELUTINA</i>	- 12 -
1.4.2.	CAPACIDADE INVASORA DE <i>V. VELUTINA</i>	- 18 -
1.4.3.	REPRODUCCIÓN DAS RAÍÑAS FUNDADORAS.....	- 19 -
1.4.4.	FACTORES CLIMÁTICOS.....	- 22 -
1.4.5.	INTERACCIÓNS CON PREDADORES.	- 25 -
1.4.6.	ESTRATEGIAS ALIMENTICIAS.....	- 27 -
1.4.7.	PLASTICIDADE SOCIAL E COMUNICACIÓN QUÍMICA.-	29
-		
1.4.8.	PRINCIPAIS IMPACTOS DE <i>V. VELUTINA</i>	- 34 -
2.	XUSTIFICACIÓN E OBXECTIVOS	- 40 -
3.	METODOLOXÍA	- 45 -
3.1.1.	SELECCIÓN DE PLANTAS E TOMA DE MOSTRAS	- 46 -
3.1.2.	EXTRACCIÓN DE COMPOSTOS VOLÁTILES.....	- 47 -
3.1.3.	ANÁLISE POR ESPECTROMETRÍA DE MASAS POR CROMATOGRAFÍA DE GASES GC-MS/MS.....	- 49 -

4. RESULTADOS E DISCUSIÓN	- 51 -
4.1. PLANTAS VISITADAS POR <i>V. VELUTINA</i>	- 52 -
4.2. PRINCIPAIS COMPOSTOS VOLÁTILES ORGÁNICOS.....	- 54 -
4.3. DESCRICIÓN DOS COMPOSTOS VOLÁTILES ORGÁNICOS PARA CADA UNHA DAS ESPECIES ESTUDIADAS	- 59 -
1. <i>Aesculus hippocastanum</i>	- 60 -
2. <i>Ailanthus altissima</i>	- 62 -
3. <i>Brassica oleracea</i>	- 64 -
4. <i>Brassica rapa</i>	- 66 -
5. <i>Buddleja davidii</i>	- 68 -
6. <i>Camellia</i>	- 70 -
7. <i>Campanula</i>	- 72 -
8. <i>Castanea</i>	- 74 -
9. <i>Cytisus scoparius</i>	- 76 -
10. <i>Cytisus multiflorus</i>	- 78 -
11. <i>Echium vulgare</i>	- 80 -
12. <i>Erica arborea</i>	- 82 -
13. <i>Erica umbellata</i>	- 84 -
14. <i>Foeniculum vulgare</i>	- 86 -
15. <i>Jasione montana</i>	- 88 -
16. <i>Lamium maculatum</i>	- 90 -

17.	<i>Lavandula stoechas</i>	- 92 -
18.	<i>Ligustrum vulgare</i>	- 94 -
19.	<i>Malus domestica</i>	- 96 -
20.	<i>Mentha suaveolens</i>	- 98 -
21.	<i>Pentaglottis sempervirens</i>	- 100 -
22.	<i>Philadelphus coronarius</i>	- 102 -
23.	<i>Punica granatum</i>	- 104 -
24.	<i>Robinia hispida</i>	- 106 -
25.	<i>Robinia pseudoacacia</i>	- 108 -
26.	<i>Rubus</i>	- 110 -
27.	<i>Tilia</i>	- 112 -
5.	CONCLUSIÓNS	- 114 -
6.	REFERENCIAS	- 116 -

Índice de táboas:

Táboa 1	Taxonomía de <i>V. velutina</i>	- 11 -
Táboa 2.	Familias especie e número de individuos estudados.	- 47 -
Táboa 3.	Principais compostos volátiles orgánicos identificados nas mostras.....	- 54 -
Táboa 4.	Principais compostos volátiles de <i>A. hippocastanum</i>	- 61 -
Táboa 5.	Principais compostos volátiles de <i>A. altissima</i>	- 63 -
Táboa 6.	Principais compostos volátiles de <i>B. oleacea</i>	- 65 -
Táboa 7.	Principais compostos volátiles de <i>B. rapa</i>	- 67 -
Táboa 8.	Principais compostos volátiles de <i>B. davidii</i>	- 69 -

Táboa 9. Principais compostos volátiles de <i>Camellia</i> sp.	- 71 -
Táboa 10. Principais compostos volátiles de <i>Campanula</i>	- 73 -
Táboa 11. Principais compostos de <i>C. sativa</i>	- 75 -
Táboa 12. Principais compostos volátiles de <i>C. scoparius</i>	- 77 -
Táboa 13. Principais compostos volátiles de <i>C. multiflorus</i>	- 79 -
Táboa 14. Principais compostos volátiles de <i>E. vulgare</i>	- 81 -
Táboa 15. Principais compostos de <i>E. arborea</i>	- 83 -
Táboa 16. Principais compostos volátiles de <i>E. umbellata</i>	- 85 -
Táboa 17. Principais compostos volátiles de <i>F. vulgare</i>	- 87 -
Táboa 18. Principais compostos volátiles de <i>J. montana</i>	- 89 -
Táboa 19. Principais compostos volátiles de <i>L. maculatum</i>	- 91 -
Táboa 20. Principais compostos volátiles de <i>L. stoechas</i>	- 93 -
Táboa 21. Principais compostos volátiles de <i>L. vulgare</i>	- 95 -
Táboa 22. Principais compostos volátiles de <i>M. domestica</i>	- 97 -
Táboa 23. Principais compostos volátiles de <i>M. Suaveolens</i>	- 99 -
Táboa 24. Principais compostos volátiles de <i>P. sempervirens</i>	- 101 -
Táboa 25. Principais compostos volátiles de <i>P. coronarius</i>	- 103 -
Táboa 26. Principais compostos de <i>P. granatum</i>	- 105 -
Táboa 27. Principais compostos volátiles de <i>R. hispida</i>	- 107 -
Táboa 28. Principais compostos de <i>R. pseudoacacia</i>	- 109 -
Táboa 29. Principais compostos volátiles de <i>Rubus</i> sp.	- 111 -
Táboa 30. Principais compostos de <i>Tilia</i> sp.	- 113 -

Índice de Figuras:

Figura 1 Número de publicacións relacionadas con especies exóticas invasoras en Scopus, dende o ano 1980 ata o ano 2023. Fonte: Scopus, 2023.	- 9 -
Figura 2 Distribución de <i>V. crabro</i> , <i>V. orientalis</i> e <i>V. velutina</i> . Fonte: Rortais et al., 2008.	- 10 -
Figura 3 Distribución xeográfica de <i>V. velutina</i> segundo. Fonte: Perrard et al., 2014.	- 12 -

Figura 4 Conexión entre a Illa de Tsushima (Xapón) e Busán (Corea do Sur) como ruta de dispersión da especie <i>Vespa velutina</i> . Fonte: Ueno, 2014.	- 13 -
Figura 5 Progresión de la invasión de <i>V. velutina nigrithorax</i> en Francia de 2004 a 2010 Fonte: Villemant et al. 2011.....	- 14 -
Figura 6. Introducción de <i>Vespa velutina</i> en Galiza ata o ano 2017. Fonte: Rodríguez-Flores, 2019...-	16 -
Figura 7 Proceso de invasión en Europa. Fontes: (Rome - MNHN-INPN (2021).	- 17 -
Figura 8 Distribución de <i>V. velutina</i> en Galiza no ano 2022. Indicación de municipios con detección de niños de avespa velutina. Fonte: EIDO, 2022. Extraído de: https://www.eidolocal.gal/portada	- 18 -
Figura 9 Esquema das principais fases do proceso de invasión e vías de extinción de poboacións introducidas. Fonte: Sol, 2014.	- 19 -
Figura 10 Tipos de nenos de <i>V. velutina</i> (Esquerda: niño embrionario e dereita: niño secundario. Fonte: Laboratorio de Botánica, Facultade Ciencias de Ourense.	- 21 -
Figura 11. Evolución cronolóxica da detección de <i>Vespa velutina</i> en Francia , España e Portugal. Fonte: Balmori, 2015.....	- 23 -
Figura 12 Superposición das áreas actuais de ocupación de <i>Vespa velutina</i> na Península Ibérica cos mapas de temperatura (a, b, c) e precipitación (d, e, f): a) Temperatura media das mínimas de xaneiro . b) Número medio anual de días con xeadas . c) Número medio de días con xeadas en primavera. d) Precipitación media anual. e) Precipitación media do mes de xullo . f) Número medio anual de días con precipitación. Fonte: Balmori, 2015.	- 24 -
Figura 13. Mapa de consenso da probabilidade de aclimatación de <i>Vespa velutina</i> en todo o mundo en 2100. Os cores mostran a probabilidade de aclimatación que vai de 0= nula a 1 = moi probable. Pódese observar a forte tendencia de expansión das áreas favorables, especialmente no hemisferio norte Fonte: Villemant et al., 2021.....	- 25 -
Figura 14 Exemplares de <i>V. velutina</i> visitando distintas flores para colleitar o néctar. De esquerda a dereita está posada sobre : <i>Eleutherococcus</i> sp, <i>Canna generalis</i> , <i>Elaeagnus multiflora</i> , <i>Elsholtzia ciliate</i> , <i>Fagopyrum esculentum</i> , <i>Eriobotrya japónica</i> , <i>Camellia sasanqua</i> , <i>C. japónica</i> e <i>C sinensis</i> . Fonte: Ueno, 2015.....	- 28 -
Figura 15. <i>V. velutina</i> revoloteando diante das colmeas dun colmeir galego. Fonte: laboratorio de Botánica, Facultade de Ciencias de Ourense.	- 28 -

Figura 16. Avispón alimentándose dun rato de campo. Fonte: laboratorio de Botánica, facultade de Ciencias de Ourense.....	- 29 -
Figura 17. Avispóns de <i>V. velutina</i> diante dunha colmea de abellas melíferas. Fonte: laboratorio de Botánica, Facultade de Ciencias de Ourense.	- 35 -
Figura 18 Caracteres biolóxicos e impactos de <i>V. velutina nigrithorax</i> . Fonte: Rojas-Nossa, 2021.	- 38 -
Figura 19. <i>V. velutina</i> alimentándose de diferentes especies vexetais (Fonte: Laboratorio de Botánica, Facultade de Ciencias de Ourense).....	- 46 -
Figura 20. Especies vexetais seleccionadas para a extracción de compostos volátiles.....	- 48 -
Figura 21 Extracción de compostos volátiles das mostras mediante SPME.....	- 49 -
Figura 22. Diagrama xeral dun sistema MS/MS. Extraído de https://www.medigraphic.com/pdfs/actpedmex/apm-2009/apm095e.pdf	- 49 -
Figura 23. Cromatograma procedente da mestura de n-alcános (C7-C40)	- 50 -
Figura 24. Principais familias das especies de plantas visitas por <i>V. velutina</i>	- 52 -
Figura 25. COV mais frecuentes nas mostras.....	- 57 -
Figura 40. <i>Lamium maculatum</i>	- 90 -

1

INTRODUCCIÓN

1.1. COMPOSTOS ORGÁNICOS VOLÁTILES (COVs) NAS PLANTAS

Os compostos orgánicos volátiles (COV) defínense como calquera composto orgánico con presións de vapor o suficientemente altas en condicións normais para ser vaporizados á atmosfera (Yuan et al., 2009). Moitos destes compostos son liberados polas plantas. Estes poden estar implicados nunha serie de funcións ecolóxicas, incluíndo a defensa indirecta das plantas contra os insectos, a atracción de polinizadores, a comunicación planta-planta, as interaccións planta-patóxeno, eliminación de especies reactivas do osíxeno, termotolerancia e outras adaptacións ao estrés ambiental. Os compostos orgánicos volátiles das plantas (COV) teñen un papel importante na adaptación das plantas ao medio e serven como infoquímicos nas interaccións multitróficas. Os factores do cambio climático global, como o aumento do dióxido de carbono atmosférico, o ozono e a temperatura, poderían alterar a forma en que os insectos perciben tales compostos (Yuan et al., 2009).

Os COV clasifícanse segundo a súa estrutura e orixe biosintética. As vías de síntese dos COV vexetais divídense xeralmente en tres categorías: 1) a vía de síntese tipo isopreno, que foi analizada e comprendida de forma intensiva. 2) Mecanismos e procesos de síntese de derivados de ácidos graxos representados por alcohois e aldehidos. 3) Vías sintéticas de compostos aromáticos (Liu et al., 2022). O número de produtos químicos volátiles identificados sintetizados por varias plantas supera os 1000 e é probable que medre a medida que se examinen máis plantas con novos métodos para detectar e analizar cantidades de volátiles que adoitan ser diminutas (Pichersky et al., 2006). Os volátiles vexetais cumpren múltiples funcións tanto nos órganos florais como vexetativos, e estes papeis non sempre están relacionados coa súa volatilidade. A maioría dos volátiles vexetais

están restrinxidos a liñaxes específicas e están implicados en interaccións ecolóxicas específicas de especies, o que leva á súa designación como metabolitos especializados ou secundarios (Pichersky et al., 2006). As melloras nas técnicas analíticas e nos métodos moleculares e bioquímicos fixeron dos volátiles vexetais un dos grupos de metabolitos secundarios das plantas mellor estudados. Algúns dos compostos máis estudados son os terpenoides volátiles.

O descubrimento recente de que os volátiles vexetais poden transmitir información específica de herbívoros que permite que os inimigos naturais identifiquen especies particulares de herbívoros demostrou que as interaccións entre plantas e insectos mediadas quimicamente son máis sofisticadas e complexas do que se apreciaba anteriormente. A alimentación dos insectos herbívoros induce ás plantas a liberar sinais químicos que serven como importantes sinais de alimentación para parasitoides e depredadores e, polo tanto, melloran a defensa das plantas. A síntese e liberación destes sinais químicos é un proceso fisiolóxico activo desencadeado por substancias na secreción oral dos herbívoros (De Moraes et al., 2001). Así por exemplo as femias da avésa parasita *Cotesia marginiventris* aprenden a aproveitar eses volátiles producidos polas plantas para localizar os hóspedes cando se expoñen a estes volátiles en asociación con hóspedes ou subprodutos do hóspede. Os terpenoides poden producirse como defensa contra os herbívoros pero tamén poden ter unha función secundaria para atraer aos inimigos naturais destes herbívoros (Turlings et al., 1990).

As especies invasoras e exóticas poden ameazar ó sector agopecuario, a economía, os bosques e o comercio dun país, así como os medios de vida dos agricultores e produtores de todo o país. Como estratexia de xestión nos sistemas agrícolas, a alelopatía pódese usar principalmente para controlar as malas herbas, resistir pragas e enfermidades e mellorar a

interacción da nutrición do solo e dos microorganismos (Xie et al., 2021). A alelopatía é un fenómeno ecolóxico no que os organismos interfíren entre si. Segundo o Primeiro Congreso de Alelopatía celebrado en Cádiz, España (IAS, 1996), a alelopatía enténdese como: “calquera proceso que involucre metabolitos secundarios (MS) producidos e liberados ó medio, por plantas, algas, bacterias e fungos, e que inflúe sobre o crecemento e desenvolvemento de sistemas biolóxicos” (IAS, 1996). Estas interaccións xorden debido a competencia de especies vexetais con xenotipos moi próximos polos recursos do hábitat (Margalef, 1980). Un simple MS pode influír sobre múltiples compoñentes dentro dun sistema ecolóxico, e pode ter efectos ao longo de diferentes escalas. Ademais, a enorme diversidade de MS, especialmente das plantas, e os posibles efectos interactivos entre eles multiplican os seus efectos ecolóxicos (Anaya, 2016).

Nunha primeira instancia para clasificar os MS, empregouse a catalogación de semioquímico para todos eses metabolitos que estaban involucrados nas relacións entre organismos (Law e Regnier 1971). Posteriormente, a terminoloxía mellorou e foi mudando en función de variables coma a ventaxa e desventaxa do produtor de MS ou a resposta conductual ou fisioloxía do receptor. Deste xeito, configurouse a seguinte terminoloxía en función dos estudos posteriores (Whittaker y Feeny, 1971; Nordlund e Lewis, 1976; Dicke e Sabelis, 1988):

Infoquímicos. Compostos que no contexto natural transmiten información nunha relación entre dous individuos, despertando no receptor unha resposta fisiolóxica ou condutual con carácter adaptativo para un dos organismos que interactúa ou para ambos. Os infoquímicos divídense en:

1. **Feromonas.** Infoquímicos que median unha relación entre organismos da mesma especie, onde o beneficio pode ser para o organismo produtor (+ /), para o receptor

(/ +) ou para ambos (+ +). O termo feromona foi introducido inicialmente por Karlson e Luscher (1959), os cales definiron as feromonas como "substancias escrutadas ao exterior dun individuo e recibidas por un segundo individuo da especie, no cal desencadean unha reacción específica, por exemplo un comportamento definido (como o papel que desempeñan as feromonas de alarma) ou un proceso de desenvolvemento (feromonas que regulan a distribución do niño)".

2. **Aleloquímicos.** Infoquímicos que median a relación entre dous individuos que pertencen a diferente especie, estes pola súa vez divídense en:

1. **Alomonas.** Aleloquímicos que son convenientes para a bioloxía dun organismo (organismo 1) e que, cando entran en contacto cun individuo doutra especie (organismo 2), despistan no receptor unha resposta conductual ou fisiolóxica que é favorable desde o punto de vista adaptativo para o organismo 1 (+ /).
2. **Kairomonas.** Aleloquímicos que son convenientes para a bioloxía dun organismo (organismo 1) e que, cando entran en contacto cun individuo doutra especie (organismo 2), despistan no receptor unha resposta conductual ou fisiolóxica que é favorable desde o punto de vista adaptativo para o organismo 2, pero non para o organismo 1 (/ +).
3. **Sinomonas.** Aleloquímicos que son convenientes para a bioloxía dun organismo (organismo 1) e que, cando entran en contacto cun individuo doutra especie (organismo 2), despistan no receptor unha resposta condutual ou fisiolóxica que é favorable desde o punto de vista adaptativo para ambos os organismos 1 e 2 (+/+).

Os COVs poden ser aleloquímicos volatilizados a partir das plantas que participan na comunicación de planta a planta como substancia de sinalización. Os aleloquímicos,

pódense atopar en calquera órgano da planta (follas, talos, flores, sementes, froitos e/ou raíces) e pódense liberar da planta produtora por diferentes vías: volatilización, lixiviación foliar, exsudacións radiculares e descomposición de residuos vexetais. O coñecemento dos mecanismos alelopáticos dos VOC vexetais pode proporcionar unha base teórica para as aplicacións de VOC. Esta sería unha medida máis económica, respectuosa co medio ambiente e eficaz para desenvolver métodos de control en diferentes sectores mediante o uso dos efectos alelopáticos dos produtos naturais vexetais (Xie et al., 2021).

1.2. IMPACTO DAS ESPECIES INVASORAS NA BIODIVERSIDADE.

As invasións biolóxicas ocasionadas por especies exóticas representan unha das principais causas da perda de biodiversidade (Shine et al., 2000). Estes episodios de invasión xeraron un fenómeno de homoxeneización biótica, no cal os ecosistemas invadidos tenden a presentar similitudes crecentes debido á repetición de especies exóticas en distintas rexións do mundo (Carvalho, 2009).

Segundo a definición da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN), unha especie exótica invasora (EEI) é aquela que se establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural, actuando como axente de cambio e ameazando a diversidade biolóxica autóctona. En España, a Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade, recoñécelles ás especies invasoras como aquelas que se introducen ou establecen nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e representan unha ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa debido ao seu comportamento invasor ou ao risco de contaminación xenética.

Nos últimos anos, o número de invasións biolóxicas experimentou un incremento significativo, en parte como resultado da globalización no século XX (Richardson e Pyšek,

2007) e do crecemento dos intercambios internacionais (Hochberg e Gotelli, 2005). Ademais, o cambio climático alterou os rangos de distribución de moitas especies, o que facilita a introdución de especies exóticas invasoras (Hill et al., 2010). Aínda que non todas as invasións biolóxicas constitúen unha ameaza, só arredor do 1% delas xeran invasións permanentes (Williamson e Fitter, 1996). Porén, a influencia das actividades humanas aumenta esta porcentaxe, permitindo que especies con alta plasticidade comportamental e ecolóxica se despracen e se establezan en novos ecosistemas. As introducións accidentais de especies exóticas son comúns, como o ilustra o achado de aproximadamente 25 exemplares de *Vespa* spp en portos de Norteamérica durante un período de 8 anos (Smith-Pardo et al. 2020). Moitos insectos demostraron ter unha estreita asociación co transporte humano e unha baixa probabilidade de detección mediante os protocolos estándar utilizados nas fronteiras (Kenis et al. 2007; Work et al. 2005).

As especies invasoras a miúdo perturban a biodiversidade ao competir coas especies autóctonas por hábitats e recursos alimentarios, ou ao exercer unha presión depredadora significativa sobre as especies locais (Couto et al., 2014). Debido aos problemas ecolóxicos e económicos que xorden destas invasións, convertéronse nunha preocupación global (Park, 2004) (Pimentel et al., 2005). Isto reflíctese no aumento significativo das publicacións científicas relacionadas con especies exóticas invasoras, como se observa na Figura 1 na base de datos bibliográficos *Scopus*.




Figura 1 Número de publicacións relacionadas con especies exóticas invasoras en Scopus, dende o ano 1980 ata o ano 2023. Fonte: Scopus, 2023.

En España, o custo directo das medidas de xestión de especies invasoras durante a primeira década do século XXI xa se teñen estimado en arredor de 50.5 millóns de euros (Andreu et al. 2009).

1.3. INSECTOS SOCIAIS COMO INVASORES BIOLÓXICOS.

Os insectos con comportamentos sociais destacan como invasores biolóxicos sofisticados (Coto et al., 2014). Os himenópteros, en particular, parecen ben adaptados para a dispersión debido á súa capacidade de esconderse en bens humanos e a necesidade dunha soa reina fecundada para establecer unha nova poboación. Ademais, posúen unha excelente capacidade de dispersión, altas taxas de reprodución, unha ampla dieta, defensas eficaces contra depredadores e capacidades competitivas superiores. Isto aumenta a súa capacidade para establecerse, expandirse e ter un gran impacto nos ecosistemas nativos unha vez que chegan a unha nova rexión (Moller 1996). Estes insectos viven en colonias populosas organizadas de acordo con sistemas eficientes de asignación de tarefas, o que lles proporciona unha organización para explotaren os recursos alimenticios locais e competir con éxito coas especies locais (Moller, 1996).

Un reducido conxunto de especies pertencentes á familia *Vespidae* conseguiu establecerse con éxito en novas rexións xeográficas, clasificándose como Especies Exóticas Invasoras (EEI). Desencadeando unha serie de impactos de carácter ecolóxico, económico e social (Villemant et al., 2011). Dentro desta categoría de invasores atópanse as avespas do xénero *Vespa*: *Vespa* spp Linnaeus 1758 (*Vespidae*, *Hymenoptera*) forma un xénero monofilético que abrangue 22 especies distribuídas principalmente no continente asiático (Archer 2012). Unicamente dúas especies, *Vespa orientalis* Linnaeus 1771 e *Vespa crabro* Linnaeus 1758, teñen o seu hábitat natural fóra da rexión asiática, habitando en Europa e o norte de África (Rojas-Nossa et al., 2021). A última destas especies mencionada, *V. crabro*, constituía a única presente en Europa antes da chegada do avispon asiático, *Vespa velutina* Lepetelier, 1836 (Villemant et al., 2021) (Figura 2).




Figura 2 Distribución de *V. crabro*, *V. orientalis* e *V. velutina*. Fonte: Rortais et al., 2008.

1.4. AVESPA ASIÁTICA (*V. VELUTINA*) COMO ESPECIE EXÓTICA INVASORA (EEI).

A avespas asiática, denominada cientificamente *Vespa velutina*, é un exemplo claro dun himenóptero social con notables atributos biolóxicos, os cales contribúen a lograr o seu

éxito como colonizadora, xerando impactos adversos nos ecosistemas que invade. As súas características biolóxicas específicas (consultar apartado 1.3.2.) desempeñaron un papel fundamental na súa capacidade de establecerse con éxito na rexión occidental de Europa. No continente asiático, a subespecie *Vespa velutina nigrithorax* desenvólvese en climas que presentan similitudes cas que caracterizan a Europa (Lorenzo, 2022). Esta especie pertence á familia *Vespidae*, unha familia de avespas amplamente diversificada e estendida que abrangue máis de 5,000 especies, incluíndo a maioría das avespas eusociais, así como numerosas especies solitarias (Pickett e Carpenter, 2010).

Actualmente, a familia *Vespidae* clasifícase en seis subfamilias, con diferentes comportamentos sociais: *Euparaxiinae* (dez especies) e *Masarinae* (344 especies) son solitarias; *Eumeninae* (3,579 especies) presentan comportamento solitario e presocial; *Stenogastrinae* (58 especies) son facultativamente eusociais; e *Polistinae* (958 especies) e *Vespidae* (69 especies) son eusociais (Pickett e Carpenter, 2010).

V. velutina foi inicialmente descrita por Lepeletier, 1836, na illa de Java, Indonesia (Castro e Pagola-Carte, 2010). A clasificación taxonómica detallada de *V. velutina* preséntase na Táboa 1.

Táboa 1 Taxonomía de *V. velutina*.

Reino	Animalia
Filo	Arthropoda
Clase	Insecta
Orden	Hymenoptera
Familia	Vespidae
Subfamilia	Vespidae
Genero	<i>Vespa</i>
Especie	<i>Vespa velutina</i> Lepetelie, 1836

1.4.1. DISTRIBUCIÓN E DISPERSIÓN DE *V. VELUTINA*.

Dentro do seu rango de distribución nativa, o avisón asiático maioritariamente aséntase en contornos forestais, aínda que cunha crecente expansión nas áreas urbanas e periurbanas (Nakamura e Sonthichai, 2004; Sheng e Xing, 2005). En climas subtropicais, a variedade *nigrithorax* tende a habitar principalmente en rexións montañosas (Van der Vecht, 1957). A distribución xeográfica da especie esténdese dende Afganistán ata o sur de China, incluíndo Taiwán, e dende a Península Indochina (Tailandia, Laos, Vietnam) ata Malaisia e o arquipélago de Indonesia (Abrol, 1994). Ademais, atópase no norte da India (Darjeeling, Sikkim), o leste de Nepal, Bután e China (Carpenter e Kojima, 1997; Rome et al., 2011; Villemant et al., 2011) (Figura 3).




Figura 3 Distribución xeográfica de *V. velutina* segundo. Fonte: Perrard et al., 2014.

Nas últimas décadas, *V. velutina* experimentou unha dispersión alarmante nas rexións de Europa e Asia (Sandra et al., 2021). O seu rexistro como especie invasora remontase á súa aparición no sueste de Corea do Sur en 2003 (Kim et al., 2006; Choi et al., 2012). Ao longo do continente asiático, a variedade *nigrithorax* prosperou en climas comparables aos de Europa (Villemant et al. 2011). En 2013, a súa presenza foi rexistrada na illa xaponesa de Tsushima (Ueno, 2014; Ueno et al., 2015; Takasahshi y Sakai, 2014),

e posteriormente na rexión continental de Kyushu (Minoshima et al., 2015). Cabe mencionar que a poboación de *V. velutina* en Xapón provén da poboación invasora en Corea (Takeuchi et al., 2017) (Figura 4).




Figura 4 Conexión entre a Illa de Tsushima (Xapón) e Busán (Corea do Sur) como ruta de dispersión da especie *Vespa velutina*. Fonte: Ueno, 2014.

O avispón patiamarelo foi introducido en Francia no ano 2004, un evento que marcou a primeira invasión con éxito dun véspido exótico en Europa (Haxaire et al. 2006; Villemant et al. 2011). A súa primeira detección na rexión de Aquitania en 2005 marcou o inicio dunha rápida expansión que cubriu aproximadamente un terzo do suroeste de Francia (Villemant et al. 2011) (Figura 5).




Figura 5 Progresión de la invasión de *V. velutina nigritorax* en Francia de 2004 a 2010 Fuente: Villemant et al. 2011.

É relevante destacar que, a diferenza de Francia, Corea alberga outras seis especies de *Vespa*, mentres que en Francia só se atopa unha especie autóctona, a *V. crabro* (Villemant et al. 2011). A orixe e a vía de introdución de *V. velutina* en Francia aínda presentan incertezas. Datos recompilados a nivel local suxiren que as reinas fundadoras, que hibernan durante o inverno, poderían ter chegado accidentalmente dende China antes de 2004, posiblemente a través do comercio de produtos hortícolas (Villemant et al. 2006). Evidencias xenéticas indican que as invasións en Corea e Francia ocorreron en eventos independentes e que as poboacións invasoras se orixinaron nas provincias de Zhejiang e Jiangsu, situadas ao sueste de China (Arca et al. 2015).

Coa súa chegada a Francia, *V. velutina* expandiu a súa presenza cara a outros países, incluíndo España (Castro e Pagola-Carte 2010; López et al. 2011), e a súa propagación foi máis veloz do anticipado polos modelos previos (Husemann et al. 2020). Os primeiros avistamentos de *V. velutina* na Península Ibérica datan do ano 2010, cando exemplares desta especie foron identificados no nordeste de España, especificamente nas comunidades de Navarra e o País Vasco (Castro e Pagola-Carte 2010; López et al. 2011; Goldarazena et al. 2015) (Figura 6). Posteriormente, en 2011, observáronse individuos cazando en

colmeares no norte de Portugal (Grosso-Silva e Maia 2012). En 2012, identificáronse dous niños na rexión costeira de Galiza, un ao norte no municipio de Burela (provincia de Lugo) e outro ao sur no municipio de Baiona (provincia de Pontevedra) (Rojas-Nossa, 2021). Ese mesmo ano, a especie foi detectada na comarca do Alto Ampurdán (provincia de Xerona), en Catalunya (Torrell 2013). Galicia presenta un clima diverso debido á súa situación xeográfica e a súa topografía. As condicións climáticas en Galicia, caracterizadas por invernos suaves e veráns frescos, xunto cunha baixa variabilidade térmica anual, poden ter propiciado a invasión de *Vespa velutina* na nosa rexión. As avespas poden desprazarse de maneira pasiva, sen intención ningunha, a través do transporte de mercadorías, como madeira, ladrillos, froitas, entre outros. Este fenómeno pode ter sido o factor clave que permitiu a chegada de raíñas fecundadas hibernantes a Galicia e Portugal, dando orixe a novos focos de invasión. É probábel que a introdución da especie ocorrese a través de dous focos distintos: primeiro nas localidades de Burela, Cervo e Viveiro na provincia de Lugo, e posteriormente nas Rías Baixas, especificamente en Vigo e Baiona (Figura 7). Esta dispersión de dúas poboacións separadas, posiblemente distintas, ao mesmo tempo, contribúe en parte á rápida expansión de *V. velutina* nesta rexión (Rodríguez-Flores, 2019).




Figura 6. Introducción de *Vespa velutina* en Galicia ata o ano 2017. Fonte: Rodríguez-Flores, 2019.

Posteriormente, no ano 2014, confirmouse a presenza de *V. velutina* nas comunidades autónomas de Cantabria, Asturias, La Rioja e Castilla e León (Gobierno de España 2015; Rolea e Vello 2020). Na actualidade, a especie colonizou gran parte da rexión costeira do océano Atlántico en España e Portugal, así como a zona oriental do mar Mediterráneo en España, espallándose tamén cara ás rexións interiores da Península (Figura 6). Estudos realizados en Francia demostraron que tanto Francia como España, xunto coa maioría da Unión Europea e o norte de África, presentan condicións climáticas favorables para a colonización de *V. velutina* (Villemant et al., 2009). En particular, en rexións caracterizadas por altos niveis de humidade, temperaturas con cambios térmicos moderados e a presenza de cuncas hidrográficas, existe un risco elevado de propagación desta especie, como é o caso da zona norte de España (Rodríguez-Flores et al., 2019).




Figura 7 Proceso de invasión en Europa. Fuentes: (Rome - MNHN-INPN (2021).

A cor verde indica a presenza confirmada da especie. A cor branca indica as rexións nas que probablemente estea ausente ou nas que non constan datos. A cor laranxa corresponde coas rexións colonizadas en 2020. A cor laranxa claro representa rexións onde está erradicada ou onde non se estableceu. A cor verde claro en indica aquelas provincias de España onde a Xunta de Castilla e León (2021) e a Generalitat de Catalunya (2021) confirmaron a súa presenza e que foron anexadas ao mapa do MNHN-INPN. Finalmente o punto vermello indica o primeiro rexistro, en Europa, en 2004.

Na actualidade, *V. velutina* logrou unha sólida presenza en todas as provincias de Galiza, aínda que son as áreas costeiras as que experimentan os impactos máis significativos. En Galicia como en outras areas invadidas europas, o avispon prefere anñar nas ramas altas das grandes árbores, tanto en zonas urbanas e agrícolas como en zonas boscosas (Rome et al., 2009; Rome et al., 2015). Parece aproveitar os vales fluviais e as vías principais para dispersarse; por outra banda, parece evitar masas de coníferas puras.




Figura 8 Distribución de *V. velutina* en Galiza no ano 2022. Indicación de municipios con detección de niños de avésa velutina. Fonte: EIDO, 2022. Extraído de: <https://www.eidocal.gal/portada>

1.4.2. CAPACIDADE INVASORA DE *V. VELUTINA*.

A capacidade dun organismo para expandirse con éxito nunha nova contorna depende en gran medida de atopar un nicho ecolóxico adecuado, en termos de condicións climáticas tolerables: recursos dispoñibles que non estean sendo monopolizados polas especies nativas e unha presión de inimigos como depredadores, parasitos e patóxenos que non sexa excesivamente intensa (Sol, 2014).

As estratexias reprodutivas das avésas eusociais ofrecen vantaxes significativas na colonización de novos territorios. En moitos casos, unha soa feminina fecundada pode establecer con éxito unha nova poboación (Villemant et al., 2011). Porén, para que unha especie introducida prospere nunha nova contorna, é esencial que os individuos sexan capaces de reproducirse a un ritmo superior ao da mortalidade, o que permite o aumento da poboación (Sol, 2014) (Figura 9).




Figura 9 Esquema das principais fases do proceso de invasión e vías de extinción de poboacións introducidas. Fonte: Sol, 2014.

1.4.3. REPRODUCCIÓN DAS RAÍÑAS FUNDADORAS.

O éxito na expansión de *V. velutina* baséase na capacidade das reinas fundadoras para establecer novas colonias. A calidade destas reinas depende criticamente das condicións ambientais e a dispoñibilidade de alimentos durante as etapas larvarias e adultas (Archer 2010). Arredor do 60% das reinas logran con éxito crear colonias (Rojas-Nossa et al., 2021). Este éxito reprodutivo débese en gran medida á alta taxa de reprodución e a capacidade de iniciar colonias a partir dunha soa reina fecundada. *V. velutina* presenta un sistema poliándrico no que as reinas son fecundadas por múltiples machos e almacenan o esperma nunha estrutura chamada espermateca (Arca et al. 2015).

Esta característica confírelles vantaxes significativas a súa bioloxía reprodutiva:

1. **Fertilización continua:** A espermateca permite que a femia fertilice os seus ovos ao longo do tempo sen necesidade de aparearse novamente.
2. **Selección do esperma:** As femias teñen o control sobre cando e canto esperma utilizan para fertilizar os seus ovos, o que lles permite influír na descendencia e a diversidade xenética.

3. **Competencia espermática:** O esperma de diferentes machos pode competir para fertilizar os ovos da femia cando se almacena na espermateca.
4. **Eficiencia reprodutiva:** O almacenamento de esperma mellora a eficiencia reprodutiva ao permitir que a femia continúe pondo ovos fertilizados sen a necesidade constante de buscar parellas.

Isto é relevante xa que as raíñas fundadoras que chegan a novas áreas poden establecer colonias e poboacións con éxito, sen a necesidade da presenza constante doutros individuos.

Tamén destacan pola súa impresionante capacidade de voo e dispersión activa (Sauvard et al., 2018). As reinas fundadoras desta especie son capaces de percorrer distancias de ata 30 km por día en voo, mentres que as obreiras, que xeralmente voan a distancias menores a 2 km desde o nido, poden situarse e regresar ao nido incluso dende distancias de ata 5 km (Beggs et al., 2011; Poidatz et al., 2018b).

En canto á selección de parellas, os machos son atraídos por compostos químicos volátiles producidos polas raíñas fundadoras, así como polo seu tamaño e características fisiolóxicas (Wen et al. 2017; Cappa et al. 2019). Os machos mostran unha maior atracción cara ás fundadoras de maior tamaño e con reservas de graxa máis abundantes, o que indica que a súa elección se supera en características que suxiren unha maior capacidade reprodutiva das fundadoras.

Ademais, observouse unha alta endogamia na poboación invasora de Europa, o que levou á presenza de machos diploides e certa inconsistencia no comportamento exploratorio das raíñas (Darrouzet, 2015; Monceau et al. 2015). Sen embargo, malia a redución na diversidade xenética, isto non foi suficiente para limitar a súa capacidade reprodutiva e expansión.

1.4.3.1. ESTRUCTURA DOS NIÑOS.

As colonias de *Vespa velutina*, pola súa capacidade para construír estruturas de aniñadoiro que proporcionan soporte e protección. Estes niños son elementos dinámicos elaborados mediante a combinación de fibras vexetais con secrecións salivares e aceites, e presentan variacións notables tanto en tamaño como en situación (Archer, 2012).

A diversidade na construción e situación dos niños é unha característica clave de *V. velutina*. Estes niños poden clasificarse en dúas categorías principais: niños embrionarios (ou niños primarios) e niños secundarios (Rodríguez-Flores et al., 2019). Os niños embrionarios xeralmente atópanse en lugares protexidos, como colmeas valeiras, tellados, aleiros, ventás, galpóns ou mesmo gretas nas paredes (Rodríguez-Flores et al., 2019). Porén, cando as condicións ambientais se volven desfavorables ou o espazo resulta insuficiente para a crecente colonia, a especie exhibe unha notable adaptabilidade ao trasladarse a novos niños, denominados niños secundarios (Roma et al., 2015) (Figura 10). Este traslado pode ocorrer nunha proporción considerable de casos, chegando ata un 70% segundo Roma et al. (2015).



Figura 10 Tipos de nenos de *V. velutina* (Esquerda: niño embrionario e dereita: niño secundario. Fonte: Laboratorio de Botánica, Facultade Ciencias de Ourense.

A situación e o tamaño dos niños primarios e secundarios poden influír na visibilidade e a detección das colonias (Dieguez-Antón et al., 2022). Os niños primarios, que maioritariamente se sitúan sobre ou dentro de estruturas de orixe antrópica, como edificios, tenden a ser máis pequenos en comparación cos nenos secundarios, que se atopan principalmente en árbores (Franklin et al., 2017). Esta diferenza na situación dos nenos pode complica-los esforzos de detección, xa que os nenos secundarios a miúdo están ocultos por densos follaxes ou se sitúan nas copas das árbores, dificultando a súa observación a simple vista dende edificacións.

A construción e a situación dos niños en *V. velutina* reflicte a súa capacidade para adaptarse a diversos contornos e condicións cambiantes. Esta diversidade nas estratexias de nidificación presenta desafíos significativos para a detección e o control das poboacións desta especie invasora.

1.4.4. FACTORES CLIMÁTICOS.

Varios factores poden influír na velocidade de expansión desta especie. Segundo o estudo de Balmori en 2015, en Francia, a propagación desta avésa seguiu un patrón aproximado de círculos concéntricos (Figura 11), en gran parte debido á homoxeneidade das condicións climáticas na área colonizada. Porén, a expansión da especie na Península Ibérica nos últimos cinco anos foi notablemente diferente. Limitouse principalmente á rexión costeira do norte de España, incluíndo a cornixa cantábrica, o sur de Pontevedra, o norte de Portugal e, de maneira localizada, a costa catalán, a Garrotxa e o Valle de Arán. Confírmouse un único punto no interior peninsular, nunha área próxima a La Rioja (Figura 11).



Figura 11. Evolución cronolóxica da detección de *Vespa velutina* en Francia, España e Portugal. Fonte: Balmori, 2015.

Balmori (2015) levou a cabo un estudo superpondo catro zonas da Península cunha alta presenza da especie en 2011 (Figura 12) con mapas climatolóxicos de temperatura e precipitación, para ese mesmo ano. Estes mapas seleccionaron porque se consideraron limitantes nos procesos de modelización previamente publicados (Villemant et al., 2011; Barbet-Massin et al., 2013). A análise revelou que as áreas colonizadas caracterízanse por manter unha temperatura media en primavera de entre 12,5 e 15°C, unha temperatura media aproximada en inverno de 10°C, un máximo de 20-30 días con xeadas ao ano e entre 5 e 10 días con xeadas en primavera. Ademais, estas zonas tamén presentan unha precipitación media anual superior a 700 milímetros e unha precipitación media durante os meses de marzo e abril por riba dos 100 mm.

En resumo, a secuencia de expansión (Figura 11) e as características climáticas das áreas colonizadas (Figura 12) suxiren que *Vespa velutina* parece estar restrinxida en gran medida por factores climáticos. Esta especie parece adaptarse a rexións cunha alta precipitación e un rango específico de temperaturas, o que formula desafíos para a súa adaptación a condicións máis extremas en áreas como a Meseta ou as zonas mediterráneas da Península Ibérica (Balmori, 2015).




Figura 12 Superposición das áreas actuais de ocupación de *Vespa velutina* na Península Ibérica cos mapas de temperatura (a, b, c) e precipitación (d, e, f): a) Temperatura media das mínimas de xaneiro . b) Número medio anual de días con xeadas . c) Número medio de días con xeadas en primavera. d) Precipitación media anual. e) Precipitación media do mes de xullo . f) Número medio anual de días con precipitación. Fonte: Balmori, 2015.

O aumento da temperatura, un fenómeno comunmente asociado ao cambio climático, ten o potencial de xerar impactos negativos en diversas actividades das especies, na propagación de enfermidades e pragas, así como na crucial función da polinización das plantas e o comportamento dos polinizadores (López et al., 2011; Grosso-Silva & Maia, 2012; Monceau et al., 2014).

O cambio climático, coa súa intensificación constante, incrementa a capacidade de adaptación de especies como os avispóns asiáticos, o que pola súa vez favorece a súa expansión xeográfica (Barbet-Massin et al. 2013; Bessa et al. 2016).

Numerosos estudos empregaron modelos de idoneidade climática para avaliar o risco de invasión de *V. velutina* (Villemant et al. 2011; Barbet-Massin et al. 2013; Robinet et al. 2017). Estes modelos vinculan as distribucións das especies coas variables climáticas que coñecidamente inflúen nos seus nichos ecolóxicos a gran escala (Luoto et al. 2007). Os datos e modelos de nicho de (Villemant et al., 2021) foron posteriormente utilizados por (Barbet-Massin et al., 2013) para predicir como evolucionaría o rango de aclimatación potencial destas avespas ata o ano 2100, baixo 13 escenarios de cambio climático. Estas

proxeccións suxiren que as áreas máis adecuadas para a expansión de *Vespa velutina* en Europa ampliaranse cara a países veciños de Francia, as costas atlánticas e mediterráneas, así como as costas do mar Negro e Caspio. Tamén se prevé a súa expansión nas costas orientais e occidentais de América do Norte, así como nas costas do sur de Sudáfrica, Australia e Nova Zelandia (Barbet-Massin et al., 2013). Estas proxeccións apoian a idea de que o cambio climático está impulsando, polo menos en parte, a propagación de *Vespa velutina* en Europa (Figura 13).




Figura 13. Mapa de consenso da probabilidade de aclimatación de *Vespa velutina* en todo o mundo en 2100. Os cores mostran a probabilidade de aclimatación que vai de 0= nula a 1 = moi probable. Pódese observar a forte tendencia de expansión das áreas favorables, especialmente no hemisferio norte. Fonte: *Villemant et al., 2021*.

1.4.5. INTERACCIÓNS CON PREDADORES.

As especies invasoras a miúdo experimentan un crecemento demográfico explosivo, en parte debido á falta de predadores efectivos nos seus novos contornos. No caso dos véspidos, este fenómeno vese acentuado pola protección física que brindan os seus niños, que en *V. velutina* son frecuentemente colocados na parte superior das árbores, dificultando o acceso a predadores capaces de chegar a esas alturas. Ademais, as femias desta especie están equipadas cun aguillón de aproximadamente 6 mm de lonxitude, o cal

lles permite inxectar un veneno composto por toxinas e outros elementos (Herrera et al., 2020). A pesar destas sólidas defensas, as longas e adultos de *V. velutina* non están exentos da depredación nas áreas invadidas (Monceau et al., 2014a).

